



FACULDADE DE CIENCIAS

**PLAN**  
**de**  
**CAPTACIÓN DE ESTUDANTES**

**Curso 2020-21**

**Setembro 2020**

## ÍNDICE

---

<b>1.- Obxectivos do Plan.....</b>	<b>2</b>
<b>2.- Unidade organizativa responsable .....</b>	<b>2</b>
<b>3.- Cargo responsable .....</b>	<b>2</b>
<b>4.- Actividades de Captación – Graos .....</b>	<b>2</b>
<b>4.1.- Titulacións afectadas.....</b>	<b>2</b>
<b>4.2.- Destinatarios .....</b>	<b>2</b>
<b>4.3.- Planificación de actividades .....</b>	<b>2</b>
<b>4.4.- Recursos necesarios .....</b>	<b>5</b>
<b>4.5.- Indicadores de seguimento .....</b>	<b>5</b>
<b>5.- Actividades de Captación – Mestrados .....</b>	<b>5</b>
<b>5.1.- Titulacións afectadas.....</b>	<b>5</b>
<b>5.2.- Destinatarios .....</b>	<b>6</b>
<b>5.3.- Planificación de actividades .....</b>	<b>6</b>
<b>5.4.- Recursos necesarios .....</b>	<b>6</b>
<b>5.5.- Indicadores de seguimento .....</b>	<b>6</b>

---

## 1. Obxectivos do Plan.

Co obxectivo de captación de alumnado para as titulacións que se imparten no Centro, ao longo do curso 2020-2021 realizarase unha nova campaña de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se imparten na Facultade de Ciencias acordes co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación.

## 2. Unidade organizativa responsable.

Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias.

## 3. Cargo responsable

Responsable de Calidade da Facultade de Ciencias.

Outros responsables implicados:

- Decano da Facultade
- Vicedecana da Facultade
- Coordinadora do Programa A Ponte da Facultade de Ciencias
- Coordinadores de grao e mestrado
- Coordinador de Calidade da Facultade de Ciencias

## 4. Actividades de Captación – Graos

### 4.1.- Titulacións afectadas

As actividades programadas estarán dirixidas á captación de alumnos para as titulacións de grao que se imparten na Facultade:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
- Grao en Nutrición Humana e Dietética
- Grao en Bioquímica

### 4.2.- Destinatarios

Os destinatarios das actividades realizadas serán os alumnos de ensinanza secundaria.

## 4.3.- Planificación de actividades.

### Primeiro semestre

#### a) **Contactos cos institutos de ensinanza secundaria para asistencia de profesores da Facultade ós mesmos.**

Contactarase cos institutos de ensinanza secundaria para ofertar a posibilidade de asistencia de profesores da Facultade aos IES, a maiores das charlas temáticas que xa se están realizando, por parte do noso profesorado, no marco do programa A Ponte.

#### b) **Planificación da campaña de promoción das titulacións de grao nos Institutos e Colexios.**

Realizaranse as reunións necesarias para planificar o desenvolvemento das xornadas e charlas con obxecto de promocionar as titulacións da Facultade. Contarase co persoal implicado nas mesmas para concretar as datas, organizar horarios, actividades, rotacións de grupos de alumnos e unificar criterios de realización das actividades. A coordinación destas actividades será desenvolvida pola Coordinadora do Programa a Ponte da Facultade coa colaboración dos responsables implicados neste Plan.

#### c) **Realización das xornadas “Ciencia para novos investigadores”**

As xornadas “Ciencia para novos investigadores 2021” que teñen como obxectivo promocionar e divulgar as titulacións que se imparten na Facultade, non se levarán cabo desafortunadamente debido a situación sanitaria. Dita situación é temporal, tendo sempre a perspectiva de poder celebralas para o seguinte curso académico.

### Segundo semestre

#### a) **Reunión con directores e orientadores de ensino medio.**

Estas reunións informativas levaránse a cabo empregando a Plataforma Teams e servirán para promocionar as titulacións do centro, e de xeito preferente aquelas que comezaron recentemente a súa implantación e as que teñen dificultades para cubrir a súa oferta de prazas.

**b) Tratar de fomentar a participación da Facultade en outras feiras e xornadas de orientación universitaria.**

Dada a situación sanitaria que estamos a vivir, trátase de continuar coa participación neste tipo de xornadas xa que segue sendo fundamental para dar a coñecer de xeito directo a oferta académica do noso Centro e as súas vantaxes respecto ao resto de titulacións da mesma rama de coñecemento que se imparten no SUG.

**c) Participación nos ENCONTROS na Zona USC no Campus de Lugo 2020.**

Neste curso académico e con respecto as Xornadas de Portas Abertas da Facultade de Ciencias, non se celebrarán debido as restricións pola situación sanitaria. Con todo, si estimamos se celebrarán os Encontros na Zona USC organizados polo Programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC” da Universidade de Santiago de Compostela, coa presentación das titulacións do Centro e as súas instalacións, así como tratar de incorporar actividades de ciencia recreativa ou talleres que podan levar a cabo os estudantes na casa. Este tipo de actividades leváranse a cabo sempre polo tanto, de xeito virtual pero con deseños mais atractivos que se poden facer de tipo telemático.

Aínda que a maioría das actividades para este curso académico serán organizadas de forma telemática, manterase o contactos con centros de ensino e institutos mediante a impartición de diversas Charlas Temáticas durante os meses de febreiro e marzo a algúns centro de ensino secundario por parte da coordinadora do programa A Ponte. Se pretende que estas charlas sexan impartidas de xeito presencial e que o alumnado que non poda asistir presencialmente, asista desde a súa casa as través dunha ligazón na web do centro. O profesorado responsable de ditas charlas temáticas pertencentes é o seguinte: Eugenio Fernández Carrasco; Francisco J. Fraga López; Héctor Rodríguez Martínez; Félix Freire Iribarne. Por outra parte, serán Mercedes Novo Rodríguez e Carlos Herrero Latorre os responsable de impartir as charlas informativas da USC e ABAU.

Tamén, coa finalidade de captar alumnado novo e dirixidas ao alumnado de bacharelato, levaranse a cabo diversas sesións de videoconferencia onde se pretende presentar cada unha das titulacións da Facultade de Ciencias así como resolver dúbidas e inquiredanzas dos estudantes interesados que participen nestes encontros. Estes Encontros Virtuais terán lugar a finais de marzo e principios de abril.

De acordo co programa ENCONTROS, as actividades estarán condicionados polas preferencias do alumnado visitante. Con todo, neste curso 2020-21 tratarase de programar itinerarios alternativos e mais atractivos no noso centro que logren chamar a atención e motivar ao este alumnado de secundaria de cara á súa captación como futuros alumnos do

noso Centro. Entre outras, elaboraranse presentacións feitas en vídeo dunha maneira mais técnica pero cos contidos elaborados e revisados polos coordinadores de cada grao. Se prevé que estas actividades se leven a cabo o 6, 7 e 8 de abril do 2021.

#### **d) Participación no programa STEMBACH Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía do IES Lucus Augusti de Lugo na súa edición 2019-2021**

Profesorado da Facultade de Ciencias pertencente aos Departamentos de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía, Microbioloxía e Química Física continuará participando ao longo do curso 2020-21 no Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía STEMBACH impartido no Instituto de Ensino Secundario Lucus Augusti e Nosa Señora dos Ollos Grandes da capital lucense, como titores universitarios. O profesorado da Facultade impartirá diversas conferencias no marco deste programa de excelencia ao longo do curso 2020-21, e titorizará os preceptivos traballos de investigación que o alumnado adscrito debe presentar ao longo deste curso académico. Asemade, o alumnado STEMBACH dos Institutos mencionados realizará diversos traballos prácticos nos laboratorios da Facultade como complemento ao labor docente desenvolvida ao abeiro deste programa.

### **4.4.- Recursos necesarios**

#### **Recursos Humanos**

Os recursos humanos necesarios serán o persoal da Facultade que vai participar nas diferentes actividades propostas. Como se veu facendo en anos anteriores, solicitarase a colaboración do persoal da Facultade (PDI e PAS) así como dos Alumnos Titores.

#### **Recursos Materiais**

Os recursos materiais requiridos e tendo en conta a situación sanitaria no contexto actual estarán baseados principalmente nos recursos humanos da Facultade así como documentación informativa sobre as titulacións do centro en formato virtual (videos locutados, videos das instalacións en 3D, charlas por vía telemática, etc).

### **4.5.- Indicadores de Seguimento.**

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Plan de Captación de Estudiantes referido as titulacións de grao serán o *número de alumnos/centros de ensino medio participantes* nas diferentes actividades, así como o *número de actividades desenvoltas ou nas que a Facultade de Ciencias participe* ó longo do curso.

## 5. Actividades de captación – Mestrados

### 5.1.- Titulacións afectadas

As actividades desenvolvidas estarán dirixidas á captación de alumnos para as titulacións de Mestrado que se imparten na Facultade:

- Mestrado en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA).
- Mestrado en Enxeñaría en Procesado de Alimentos (MEPA).

### 5.2.- Destinatarios

Alumnos de últimos cursos dos centros universitarios do SUG e titulados en xeral con titulacións de acceso aos mestrados que se imparten na Facultade.

### 5.3.- Planificación de actividades

#### a) Promoción dos mestrados na propia Facultade de Ciencias

Faranse actividades de promoción do MEPA e do MINSTA entre o alumnado dos últimos cursos correspondentes aos graos que se imparten no centro con información sobre os seus contidos e as súas saídas profesionais.

#### b) Promoción dos mestrados nos centros universitarios do Campus de Lugo

Faranse actividades de promoción do MEPA e do MINSTA entre o alumnado de últimos cursos dos centros universitarios do Campus Terra, con especial incidencia naqueles centros que dispoñen de titulacións contempladas na admisión dos estudos de mestrado que se imparten na Facultade.

#### c) Presentación do MEPA e do MINSTA nas campañas de promoción de mestrados levadas a cabo pola USC

Os mestrados do noso Centro estarán presentes nas actividades de promoción específicas levadas a cabo polas USC, tales como presentación da oferta, presenza en feiras, etc.

## 5.4.- Recursos necesarios

### Recursos Humanos

Para participación na difusión e actividades de promocións dos mestrados solicitarase a colaboración do persoal do centro (PDI, PAS). Non obstante estarán implicados de xeito mais directo o equipo de dirección da Facultade e os coordinadores dos mestrados.

### Recursos Materiais

Para a difusión e información das titulacións elaborárase o seguinte material e documentación:

- Presentacións dirixidas ao diferente tipo de alumnado potencial en función do súa procedencia.
- Documentación de apoio, trípticos informativos, pósters, etc.
- Microsoft Teams: Plataforma de Microsoft, que permite ademais de presentar información en tempo real, manter un chat cos estudantes ao mesmo tempo de xeito que o alumnado interesado poden acceder ao chat e atopar a información nun mesmo lugar.

## 5.5.- Indicadores de seguimento

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Plan de Captación de Estudantes referido as titulacións de mestrado serán o *número de alumnos participantes* nas diferentes actividades, así como o *número de actividades desenvoltas ou nas que a Facultade de Ciencias participe* ó longo do curso.